

XII CAMPIONATO GALEGO ESCOLAR DE ORIENTACIÓN A PÉ

23 de abril do 2022



Cidade da Cultura - Monte Gaiás
Santiago de Compostela

CONTIDO

1. Organización	3
2. Lugar de competición.	3
3. Data e horario.	3
4. Categorías.	4
5. Inscripción.	4
6. Mapa e terreo.	4
7. Modalidade e sistema de control.	5
8. Material prohibido no momento de realizar a proba.	5
9. Posibles incidencias do sportident.	5
10. Algunhas normas e recomendacións.	6
11. Prevención de riscos e seguridade.	6
12. Protección de datos e imaxe.	7
13. Entidades organizadoras e colaboradoras	7

1. ORGANIZACIÓN

- Club USC (FEGADO) coa colaboración da Universidade de Santiago de Compostela.
- Dirección: Eduardo Ramos
- Secretaría: Manuel Gallego
- Sportident: Santi Fraga
- Trazados: Ignacio Sordo
- Saídas: Ramón Sampedro
- Meta: Pilar Veiga
- Delegada de campo: Rosa Pernas

2. LUGAR DE COMPETICIÓN

A carreira celebrarase no monte Gaiás e Cidade da Cultura de Santiago de Compostela.

O lugar de concentración dos corredores será fronte á Biblioteca e Arquivo de Galicia.

Coordenadas: 42.869322° -8.526539°.

Centro de competición



3. DATA E HORARIO

Sábado, 23 de abril.

10:00 – Apertura. Entrega de tarxetas electrónicas aos responsables de cada centro.

11:00 – Saída dos primeiros corredores.

13:30 – Peche e entrega de trofeos

ATENCIÓN: as tarxetas electrónicas non se entregan de forma individual. O responsable de cada centro deberá recollelas na Secretaría.

Ao rematar todos os escolares teñen que pasar por secretaria/sportident para descargar os resultados e devolver a tarxeta electrónica.

4. CATEGORÍAS

- **Infantil feminina.** Nacidas en 2008 e 2009
- **Infantil masculina.** Nacidos en 2008 e 2009
- **Cadete feminina.** Nacidas en 2006 e 2007
- **Cadete masculina.** Nacidos en 2006 e 2007
- **Xuvenil feminina (só federadas).** Nacidas en 2004 e 2005
- **Xuvenil masculina (só federados).** Nacidos en 2004 e 2005


5. INSCRICIÓN

O responsable do club organizador de cada Campionato Provincial realizará a inscrición dos corredores correspondentes á súa provincia utilizando para iso o formulario excel que figura na páxina web da FEGADO acompañando a este boletín.


O prazo para enviar por correo electrónico o listado de inscritos remata o **domingo, 17 de abril, ás 23:50 h.**

6. MAPA E TERREO

Mapa con escala 1/4000 e **equidistancia de 5 m**, debuxado por Eduardo Ramos segundo a normativa Sprint ISSprOM 2019 no ano 2021 e revisado en marzo do 2022.
Rexistro FEDO: C-2869-21.



ATENCIÓN: para evitar a acumulación de curvas de nivel e facilitar a lectura dos elementos debuxados estableceuse a **equidistancia en 5 m**.



No Monte Gaiás temos zonas abertas, moi extensas, e outras semiabertas cruzadas por moitos camiños. Pegado ao monte hai unha zona urbana pavimentada con edificios e aparcadoiros. As zonas semiabertas correspóndense na súa maior parte con plantacións relativamente recentes de árbores autóctonas, sobre todo bidueiras. Entre as bidueiras hai carballos diseminados que aparecen representados no mapa co símbolo 418 (*arbusto prominente ou pequena árbore individual*)

Na zona urbana os tellados dalgúns edificios enlazan co chan sendo difícil nese caso precisar onde remata o edificio e comeza o chan, sobre todo se se ve de lado. Noutros o tellado chega a un metro escaso do chan, podéndose confundir cun cortado.

Debido á dureza do terreo do monte e a que nalgúns zonas podemos atopar silvas rastreiras recoméndase o uso de calzado resistente, con agarre, e roupa longa que protexa ás pernas. Evidentemente non clavos, pola zona pavimentada.



É un terreo con moitos elementos de referencia e cruzado por unha rede extensa de camiños, o que permite un desprazamento rápido. Pero é moi esixente fisicamente debido a que a metade do mapa corresponde cunha ladeira de acusada pendente

7. MODALIDADE E SISTEMA DE CONTROL

A proba será de tipo individual contrarreloxo e desenvolverase na modalidade de **orientación en liña**. O participante terá que pasar obrigatoriamente por todos os controis seguindo a orde numérica consecutiva marcada.

As normas aplicables a esta competición son as establecidas pola FEGADO para a Liga Galega de orientación a Pé do 2022.

Para o rexistro de paso por cada control de carreira todo/a corredor/a deberá levar unha tarxeta Sportident. O club organizador asignará **gratuitamente** unha tarxeta electrónica Sportident a quen careza dela.

8. MATERIAL PROHIBIDO NO MOMENTO DE REALIZAR A PROBA

Prohíbese, en toda a zona de carreira a utilización de dispositivos que aporten datos xeográficos a modo de elementos de apoio para a navegación. Os únicos elementos de apoio autorizados son o mapa que aportará a organización e o compás que deberá levar cada participante.

9. POSIBLES INCIDENCIAS DO SPORTIDENT.

Resumo do procedemento de actuación ante posibles incidencias Sportident

- **Corredor que non limpa a súa tarxeta na saída.**
É responsabilidade do corredor limpar na zona de saída (na estación sportident correspondente) a súa tarxeta. Todo corredor que por non limpar a súa tarxeta de datos anteriores, se quede sen memoria nela, e chegue a meta con picadas no mapa por ese motivo, será descalificado por **erro en tarxeta**.
- **Corredor que non descarga a súa tarxeta (pinza) sportident ao rematar.**
Todo corredor debe picar o punto meta (dobre círculo no mapa) e posteriormente ir descargar a súa tarxeta (pinza) onde estea previsto pola organización.

Aceptarase como válido que os corredores descarguen as súas tarxetas ata a hora de peche da meta. Os corredores que non descarguen nese prazo serán considerados **fóra de control**.

- **Corredor ao que lle falta algún punto de control na tarxeta.**
Será automaticamente descualificado. É responsabilidade do corredor asegurarse que o seu paso polo control quedou correctamente rexistrado na súa tarxeta, aspecto que indica o pitido e a luz da estación ao introducirle a pinza sportident.
Non hai picado manual.
- **Corredor que entra en meta e non pica.**
Todo corredor que entre en meta e non pique o punto meta pode volver a picalo. En cambio si deixou algún outro punto do seu percorrido sen picar, non pode volver ao terreo.

10. ALGUNHAS NORMAS E RECOMENDACIÓNS

- **Limpar e comprobar a tarxeta ou pinza na saída.**
- **É obrigatorio realizar o percorrido na orde indicada no mapa.** Seguir a orde numérica de controis no percorrido correspondente. Por exemplo, se se pica a 4 antes da 3 non se descualifica se se volve a picar a 3, despois de novo a 4, e logo a 5, 6, etc.
- A carreira é individual. Non está permitido seguir a outros corredors.
- É unha competición que se debe realizar en **silencio**.
- Coidado con descualificar por non esperar pitido e/ou luz na estación.
- **Comprobar que o código da estación que “picamos” pertence ao noso percorrido porque pode haber balizas próximas.**
- É obrigatorio picar na estación de meta, e despois **descargar na estación-descarga na secretaría**. Así comprobaremos que non queda ninguén “perdido” no monte.
- Os orientadores teñen que ser **respectuosos co medio natural** polo que non deben tirar lixo ao chan en toda a zona de competición.
- Parte da carreira discurre pola ladeira dun monte con forte desnivel así que se recomenda **calzado con suela resistente** e de agarre e **roupa que cubra as pernas**.
- Levar unha muda para poder cambiarse despois da carreira, sobre todo calzado e calcetíns.
- Non haberá recollida de mapas ao rematar a carreira así que chamamos ao **xogo limpo**: non ensinar o mapa aos corredores que aínda non saíron.

11. PREVENCIÓN DE RISCOS E SEGURIDADE

Os orientadores e orientadoras participan na proba baixo a súa propia responsabilidade, asumindo os riscos inherentes ás carreiras de orientación a pé.

Todos os participantes que tomen a saída están obrigados a pasar polo control de meta, aínda no caso de que non completen o percorrido, e descargar a súa tarxeta no lugar previsto pola organización para garantir que non quede ninguén no monte.

Os puntos de control estarán situados en lugares que non supoñen ningún risco para os competidores e na zona pola que transcurren os percorridos non existe ningún perigo especial destacable, diferente do que conleva o desprazamento a través do monte: terreo irregular, vexetación rasteira, ramas no chan,...

Haberá unha ambulancia no centro de competición para atender a todos os corredores que o precisen.

Recordáselles aos participantes a obrigatoriedade de ofrecer axuda a todo participante que o precise por atoparse mancado.

12. PROTECCIÓN DE DATOS E IMAXE

Os responsables legais de cada participante deberán cubrir un protocolo de protección de datos e uso e difusión de imaxe.

ORGANIZA:

Club USC – Servizo de Deportes da Universidade de Santiago de Compostela.

Tfno: 881 81 50 74

orientacionusc@gmail.com



COLABORAN:

